

A Coruña, 14 de decembro de 2007

## ALVARELLOS EDITORA RECIBE O “PREMIO Á EDICIÓN HISTÓRICA 2007”



Henrique Alvarellos recibe o Premio á Edición Histórica 2007 de mans do vicepresidente da Asociación Galega de Editores, Fran Alonso

- **O galardón foi concedido pola Asociación Galega de Editores e coincide coa celebración do trinta aniversario da editorial.**
- **Foi entregado na Coruña, no transcurso da III Noite da Edición.**
- **Para o editor, Henrique Alvarellos, este premio “culmina un ano moi produtivo para nós, un 2007 no que se consolidaron as coleccións Rescate e A lume lento”.**

A Asociación Galega de Editores celebrou o venres 14 de decembro de 2007 a III Noite da Edición de Galicia, cita na que foron fallados os Premios da Edición 2007 e homenaxeada Alvarellos Editora no ano no que celebra o seu trinta aniversario. Xunto a Alvarellos foron recoñecidos dous medios de comunicación, La Voz de Galicia e A Nosa Terra polas súas labores editoriais, xa centenarias.

Na velada, que se desenvolveu no seo dunha cea no Aquarium Finisterrae (Casa dos Peixes) da Coruña, participaron máis dun centenar de persoas do gremio de editores



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info  
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

galego e representantes doutros sectores profesionais do mundo do libro en Galicia (libreiros, escritores, bibliotecarios e membros do sector das artes gráficas).

Contouse ademais coa presenza de numerosas autoridades como, entre outras, Henrique Tello, Tenente Alcalde en representación do Alcalde da Coruña; D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña; e Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte.

## UN ANO DE RECOÑECIMENTOS

Para Henrique Alvarellos, "este recoñecemento é para nós especialmente significativo pois, en primeiro lugar, é concedido polos propios colegas, e coincide co noso trinta aniversario como editorial; somos unha das máis veteranas de Galicia. Por outra banda, culmina un ano que nos trouxo moitas satisfaccións, pois un libro da colección A Lume Lento, de gastronomía, *45 recetas con ortigas* recibiu dous premios internacionais Gourmand, e a Colección Rescate de clásicos contemporáneos quedou finalista nos Premios Irmandade do Libro que convoca anualmente o gremio galego de libreiros".

## AS CATEGORÍAS

Os Premios da Edición foron creados pola Asociación Galega de Editores en 2005 co obxectivo de recoñecer a excelencia do traballo editorial realizado polos seus membros ao longo de cada ano. Estas distincións, sen dotación económica, son outorgadas polas corenta e catro editoras que forman parte da Asociación, previa presentación das candidaturas que cada unha considera oportunas, tras dúas votacións para cada unha das seis categorías.

PREMIO ÁNXEL CASAL AO LIBRO DO 2007: "Made in Galiza", de Séchu Sende (Editorial Galaxia)

PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS AO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DO 2007: EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA por "O único que queda é o amor", de Agustín Fernández Paz.

PREMIO LOIS TOBÍO AO LIBRO TRADUCIDO DO 2007. EDITORIAL RODEIRA por "A Odisea", traducido por Xavier Senín.

PREMIO ISAAC DÍAZ PARDO AO LIBRO ILUSTRADO DO 2007. EDICIÓNS por "Guía de mamíferos de Galicia", ilustrado por Carlos Silvar.

PREMIO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO A COLABORACIÓN NO LABOR EDITORIAL DO 2007: Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

PREMIO XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ AO AUTOR OU AUTORA DO 2007: Anxos Sumai.



# alvarelos

EDITORA



Todos os premiados na III Noite da Edición de Galicia, acompañados polo presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, e o tenente alcalde do Concello herculino, Henrique Tello



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)  
correo@alvarelos.info  
www.alvarelos.info  
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137